

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA DEPUTACIÓN DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2019

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 11.00 horas do día 28 de agosto de 2019, réunese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, realizada a pedimento dos deputados do Grupo Socialista e do Grupo do BNG, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Gerardo Seoane Fidalgo

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputados de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG:

D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento do asunto incluído na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: videoacta.depourense.es

ÚNICO.- MOCIÓN DOS GRUPOS SOCIALISTA E DO BNG RELATIVA Á IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DEMOCRÁTICO DE FINANCIAMENTO NA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao voceiros do Grupo Socialista e do Grupo do Bloque Nacionalista Galego para que expoñan o contido da moción.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. Moi bo día en nome das deputadas e dos deputados do Partido Socialista de Ourense, das nosas alcaldesas, dos nosos alcaldes, dos douscentos cincuenta e tres concelleiros e concelleiras socialistas desta provincia e da poboación á que tratamos de honrar e representar ao longo de toda a xeografía provincial. O saúdo que transmito nesta sesión plenaria e extraordinaria diríxese, asemade, á totalidade da veciñanza de Ourense; pois inclúe unha mensaxe que non inclúe distincións partidistas, nin é alleo á decisión, libre e lexítima, de manterse ao marxe da participación na vida política convencional. Seguindo a Eduardo Pondal, hoxe poderemos dicir que *os tempos son chegados* para que os ventos da democracia entren pola porta desta vetusta institución e pasen con forza e abran as portas de todas e cada unha das administracións locais, ata o último concello; chegando ata a última porta do último veciño desta provincia. Deste xeito,

acadaremos a utopía (digo utopía) dunha deputación rexida polos intereses xerais, a obxectividade, a boa fe, a confianza lexítima, a lealdade, a cooperación, a colaboración e a coordinación cos concellos desta provincia. Deste xeito acadaremos unha deputación, como digo, utópica. No ano 1516 Tomás Moro foi quen de crear a illa de Utopía - que non era un lugar, senón una razón de ser - e con elo retomou o esplendor da Calípolis de Platón e deu apertura ao Renacemento. A un Renacemento con obras como foron *A Cidade do Sol*, con obras como foron *A Nova Atlántida*, a *Nova Solimia*, a *Arcadia* de Saint Pierre, por citar só uns exemplos de lugares promisorios que tanto necesitamos. A partires desta sesión plenaria, o disfrute dun novo xeito de gobernar, que se basea na posta en marcha dun reparto democrático de fondos públicos, será a utopía acadada pola provincia de Ourense. Señor presidente, señores vicepresidentes, señores deputados e deputadas do Partido Popular, señor deputado de Democracia Ourensana, señora deputada de Ciudadanos, deputados e deputadas do Partido Socialista, é tempo de apartar a mirada dos fracasos pasados. Tamén é hora de que os representantes das forzas políticas democráticas ergamos a man para votar en pro da igualdade real, que é esa que proporciona recursos diferentes en función de necesidades diversas. E tamén é o momento e o lugar para a dignidade que se sustenta, seguindo a Kant, sobre a autonomía. Quen se vende? Quen deixa mercarse para lograr as súas metas, perde a súa autonomía e, polo tanto, a dignidade que o fai persoa. Pásalle como ao *addictus* que perdía a súa condición de home libre e pasaba a ser escravo do seu debedor. Na utopía dunha deputación democrática, nesta nova *Atlántida*, nesta *Arcadia*, non haberá escravos nin donos, amigos ou inimigos do poder provincial; senón ourensáns cos mesmos dereitos e obrigas, máis aló do goberno municipal que elixiran para rexelos. Esta administración precisa máis democracia, democracia auténtica e, baixo esta premisa, o Partido Socialista, da man do Bloque Nacionalista Galego, xunto a Ciudadanos, co apoio de Democracia Ourensana e coa conformidade do Partido Popular, celebraremos nesta data de finais do estío unha sesión plenaria para a historia. Tal efeméride lembrarase como a comunión de intencións creadas sobre a base do diálogo real. Un diálogo que é posible ao recoñecer a competencia para comunicarse dos outros e, polo tanto, a súa dignidade e calidade de persoas. Como subliñaron os profesores da Escola de Frankfurt, Apel e Habermas, na súa ética dialóxica, considérase como persoa a quen se lle atribúe a capacidade de comunicarse; alternativamente, negar o diálogo suprime a dignidade e o valor persoal dos demais. Este diálogo, que agora abrimos, materializarase co emprego da razón cordial que é o concepto empregado pola pensadora Adela Cortina para referirse á empatía. A empatía é esa

condición que nos permite descubrir as necesidades reais dos demais –sen instrumentalizalos– e, ao mesmo tempo, tamén é a ferramenta que se utiliza, desde a ética, para intentar empoderar aos demais para que consigan os seus fins lexítimos, sen atentar contra a autonomía dos outros. Os sistemas unipersoais, afastados de posicións participativas, que instrumentalizan á poboación e pretenden controlala, degradan a identidade e, polo tanto, a propia condición de persoa que é, por definición, a de ser libre e autónoma. Fronte a iso contribuiremos entre todas as persoas aquí presentes, entre todos os deputados e deputadas aquí presentes, a un sistema de esencia democrática baseado na razón cordial, cuxa meta será atender ás necesidades dos demais, respectar as diferentes idiosincrasias e proporcionar os recursos que permitan acadar os fins diversos e o desenvolvemento global de Ourense. Mediante esta filosofía sensible, activa, participativa, colaborativa espertará a nosa terra; pois recuperará o ritmo de desenvolvemento que acadaron as veciñas provincias que xa teñen un sistema de reparto democrático e obxectivo que cumpre todos os requirimentos, estamos a falar de Lugo, estamos a falar de A Coruña e de Pontevedra. Hai outros modos de actuar, xa o sabemos, pero tamén sabemos cal foi a súa colleita ao longo destas décadas. Coñecemos a alternativa, máis como cremos no diálogo e como ninguén posúe a certeza absoluta, eliximos esta ferramenta como medio para achegar posturas, para fuxir do estancamento e do atraso, e para camiñar cara a un futuro de esperanza real. Desde esta posición damos a palabra aos restantes grupos políticos e esperamos, e confiamos, entre todos chegar a esta utopía dunha deputación realmente democrática. Moitas grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: en primeiro lugar, agradecer ao presidente a *premura* en convocar este pleno; sen dúbida entendeu a importancia desta proposta e desexa poder tela en conta para o pleno dos orzamentos de finais de setembro; o cal, tamén, xustifica que o PSOE e o BNG solicitaran este pleno extraordinario. Como voceiro do BNG na Deputación de Ourense, debo sinalar que a nosa misión de oposición será vixiante coa labor do goberno, ao tempo que propositiva, como se amosará neste pleno. Exemplo de vixilancia é notificar que esta provincia se atopa en estado comatoso cunha baixada poboacional superior aos 21.000 habitantes (3.500 por ano) no período 2012-2019 (o do actual presidente); que sería de 120.000 se nos remontamos ao ano 1980; isto é unha redución do 28% da poboación en menos de trinta anos de goberno ininterrompido do PP, por certo. Unha provincia que ostenta a dubidosa honra de ter a trinta e dous dos seus concellos nos últimos postos a nivel galego por *ratio* de persoas cotizantes fronte a xubilados (si, os 32

últimos, nin un só de Lugo, Coruña ou Pontevedra para adornar a lista), na que a media de idade con 52 anos é a máis avellentada de todo o Estado, con só 1.486 nacementos en 2018 (223 menos que en 2017, un 13% menos) e un saldo entre nacementos e mortes de -3.251 habitantes (a poboación de Maceda e Parada do Sil xuntas tragadas por un buraco negro). O presidente falounos, no pleno de constitución, de máis do mesmo: débeda cero e transparencia e o famoso Plan 72-73 que traería para a miña comarca (Allariz-Maceda) unha procesión de turismo relixioso en torno a Afonso X o Sabio en 2021, un Plan director do río Arnoia o 8/10/2022 e un complexo residencial para a terceira idade o 1/3/2023. Non quero empregar as verbas que empregou o líder de Democracia Ourensana para este Plan na campaña electoral; pero, se estas son as propostas para os próximos catros anos, mal vamos. Non se preocupen da débeda económica, a débeda coa historia que nos vai quedar como responsables da xestión desta provincia é que en 50 anos non queden ourensáns e ourensás sobre a *faz* desta terra. Por iso propomos o seguinte:

- Propomos un reparto con criterios obxectivos dos fondos da Deputación que, basicamente, proveñen do Estado e, polo tanto, dos impostos pagados por todas e todos os veciños desta provincia, independentemente de onde vivan.

- Propomos que se cumpran as leis que outorgan á administración provincial a competencia de asistencia económica aos concellos, especialmente aos de menos capacidade económica de xestión -entre outras-, nesta provincia onde 91, dos seus 92 concellos, teñen menos de 20.000 habitantes e neles debe envorcar os seus esforzos esta institución.

Como ben sabemos soamente en Ourense, das catro provincias galegas, é onde non existe un plan único que supoña un reparto equitativo de fondos seguindo os criterios establecidos pola FEGAMP de poboación, superficie, número de núcleos e avellentamento poboacional. A proposta apoiada no anterior mandato por Democracia Ourensana, o PSdG-PSOE e o BNG, diante deste pleno, supoña que un 30% do orzamento fora repartido segundo estes criterios, uns 30 millóns de euros; cifra que na Deputación da Coruña vai ao 50% dos 100 millóns e nesta proposta solicitamos, humildemente, un 25% do orzamento para ir collendo o bo camiño. Estamos a falar de que concellos de similar poboación teñan a cantidade fixa anual que, por exemplo, iría dos 68.000 € actuais na Mezquita aos 492.000€ dos que dispón o Concello das Somozas, na Coruña, con similar poboación; ou os 255.000 en

Dozón, Pontevedra, ou os 259.000 € en Folgoso do Courel, Lugo. Ou que o Concello de Verín disporía duns 832.000 €, se estivera situado na provincia da Coruña; no canto dos 68.000€ actuais. Ou que Allariz puidera recibir 500.000 € se foran os seus veciños pontevedreses no canto de ourensáns. Ou que, se o Concello de Baños de Molgas formara parte da provincia de Lugo, dispuxera anualmente de 211.000 €, no lugar dos 68.000 € actuais. E isto sería exactamente igual para os 92 concellos de menos de 20.000 habitantes que conforman esta provincia, xunto coa capitalidade; independentemente do partido político que os gobernara e que, segundo os cálculos dos que dispoñemos, todos verían mellorada a súa dispoñibilidade orzamentaria, incluídas a inmensa maioría das alcaldías do Partido Popular. O actual investimento da Deputación de Ourense, cun criterio liñal, no apartado de investimentos, ascende a 48.000 € por concello; apenas o 6% dos 90 millóns do seu presuposto, o resto son dádivas do señor presidente cando non, se me permiten a licenza, ocorrencias. É hora de que se recoñeza a maioría de idade dos nosos municipios, que sexan as Corporacións locais, as cales aquí todos representamos, as que decidan que é o prioritario para os seus veciños: o campo de fútbol, os tanatorios, un parque empresarial, os servizos sociais, un plan de emprego ou propostas de rehabilitación. Non podemos seguir coa discrecionalidade actual ao tempo que se presume de transparencia. Debo recordar que quedaría aínda un 75% de *orzamento para todo o demais*; isto son 68 millóns de euros que permitirían implementar outras moitas accións e afrontar o gasto corrente da Deputación Provincial. Non parece minimamente razoable en pleno século XXI que esta provincia, na cal o señor Baltar dinos que imos ter grandes oportunidades como o laboratorio europeo de loita contra o avellentamento, o gran éxito desta provincia sexa o remanente de tesouraría para repartir no seguinte ano entre os concellos e entidades amigas. Ourense presenta un estado de emerxencia dende a súa capitalidade, onde se reduciron en máis de 2.000 o número de autónomos que xestionaban os seus pequenos comercios, ata o último recuncho da provincia. Débense dar os pasos inmediatos para emendar esta situación e o primeiro é dotar ás institucións máis próximas á cidadanía de fondos para facer fronte as súas necesidades e demandas. Dende o BNG tendemos á man ao Partido Socialista, a Cidadáns, tamén a Democracia Ourensana que nos acompañou nesta xusta reclamación o 31 de xullo de 2017, e, por suposto, ao Partido Popular; atrevéndome a recordarlle ao presidente as súas palabras sobre humildade no Pleno no que resultou elixido e recordándolle que, nesta ocasión, a maioría dos ourensáns e ourensás non apoiaron as súas propostas ao non outorgarlle ao PP a

maioría absoluta. Tendemos a man, insisto, para aprobar unha proposta de plan único –ou chámennlle como estimen oportuno– que beneficiará a todos os concellos da provincia e, polo tanto, aos seus veciños e veciñas, sexan gobernados pola forza política que eles democraticamente decidiran e para elo trasladamos, neste caso da man do Partido Socialista, a seguinte proposta de acordos; que ao final é do que se trata, de acordar:

1º) Que a Deputación de Ourense acorde a supresión das subvencións de carácter nominativo, que se conceden na institución, que non atenden a criterios de concorrencia competitiva, distribución equitativa e instrumentos de análoga natureza.

2º) Que no vindeiro orzamento da Deputación de Ourense se estableza un sistema provincial de financiamento ás entidades locais, mediante un programa anual e universal baseado en criterios obxectivos, equitativos e democráticos deseñados baixo os principios de transparencia, boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.

3º) Que este programa de financiamento ás entidades locais da provincia de Ourense, baseado en criterios obxectivos, equitativos e democráticos, acade para o seu montante económico, polo menos, un cuarto do total dos recursos anuais da Deputación.

Creo que poñemos difícil non votar esta moción. Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía: bos días, grazas presidente. Bos días a todos os compañeiros, deputados e deputadas, a todas as persoas que nos acompañan nesta sala e a aqueles que nos seguen a través das redes sociais. Eu estou completamente de acordo no fondo da cuestión, pero non estou de acordo nas formas e nin nos tempos. Estamos aquí, os veciños desta provincia puxéronnos aquí, para ter certa responsabilidade, credibilidade e, sobre todo, altura de miras. Considero que este pleno extraordinario está fóra de lugar e o motivo é moi sinxelo; dentro de trinta días celebraremos o pleno ordinario da Deputación Provincial de Ourense do mes de setembro onde se van a traer, por parte do grupo de goberno, os orzamentos para o próximo ano 2020. Deses orzamentos, a día de hoxe, polo menos este Grupo de Ciudadanos, non temos constancia nin información; polo tanto, criticar ou criminalizar algo que aínda non existe, ou polo menos que aínda a este grupo non se lle trasladou, paréceme que é pouco serio

e rigoroso. O vindeiro 27 de setembro serei a primeira voz crítica se o grupo de goberno non comeza a avanzar nun futuro máis xusto e democrático no reparto dos fondos desta Deputación; namentres, a miña postura é a de apostar por facer unha política de altura. Prégolle a toda a Corporación que respecten a institución na que estamos e na que temos a honra de ser deputadas e deputados. Prégolle a quen redacta este tipo de mocións cheas de *palabrería* medieval e linguaxe impropia, prégolle a quen ten o deber de gobernar para todas e todos os veciños desta provincia de xeito igualitario, responsable e democrático, respecten o escano que ocupan e entendan a enorme tarefa á que estamos todos aquí encomendados. Os nosos veciños non precisan obras teatrais, pero tampouco deben permitir que os traten de maneira diferente dependendo do lugar onde nazan. Un veciño do Barco de Valdeorras ten exactamente os mesmos dereitos que un veciño de Xinzo, de Muíños ou Allariz. Eu non son unha recoñecida nin unha prestixiosa estratexa política, pero ata o de agora no que aconteceu nesta provincia, politicamente falando, non me equivoquei o máis mínimo. A súa estratexia ou modelo político foi erróneo, á vista quedou o 26 de maio. Moitas cousas teñen que mudar nesta institución, entre elas, como estou segura que vostedes o farán o 27 de setembro, mudar o modelo de reparto para os concellos. O pasado 26 de maio vostedes perderon dous deputados provinciais; por certo, ese mesmo día, ese domingo, meu fillo cumpriu dous anos, curioso paradoxo. Predigo que vostedes perderán bastantes máis de seguir coas mesmas políticas. Non son quen de darlles consellos porque a maioría dos que están aí sentados teñen bastante máis experiencia e, seguramente, coñecementos ca min, pero créanme que non me equivoco tanto. En escasos dous meses, un partido, Ciudadanos, e un equipo e un grupo reducidísimo de persoas e de medios fomos quen de cambiar o rumbo da súa maioría absoluta. Tomen nota. Pensen nos veciños desta provincia. Eu agardarei a que o 27 de setembro vostedes, aquí, demostren que saben entender e coñecen as necesidades desta provincia e que saben que hai que mudar as cousas e cambiar as estratexias e políticas desta institución. Eu desexo que o fagan e así o aplaudirei, se así o fan vostedes. A política xa non se trata de rezar para que non o fagan e criticalos; a política trata de avanzar, prosperar e desenvolver, esteamos na oposición, ou esteamos no goberno. E aos promotores desta moción simplemente lles deixo un dito que din no meu pobo e é *non botar o carro diante dos bois*. Moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: bos días a todas e a todos, señores deputados, señor presidente, público que asiste. En certa maneira concordo con parte do discurso da señora Lama, de Ciudadanos, en canto que, si ben é certo que podería ter certa conformidade con cuestións do fondo, realmente na forma en que se formulan estas cousas non estou para nada de acordo. Eu entendo que en política non se pode simplificar e menos cando abordamos cuestións que, a parte da súa perspectiva netamente política, teñen un alto grao de complexidade técnica. O que aquí, neste plenario, traemos hoxe a debate é unha moción que propón un cambio de modelo na forma de xestionar o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal por parte da Deputación, segundo se regula no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local. E para facelo, vostedes limítanse a pedir a supresión das subvencións de carácter nominativo que conceda a institución que non atendan a criterios de concorrencia competitiva, distribución equitativa e que no novo orzamento se estableza un sistema provincial de financiamento ás entidades locais, mediante un programa anual e universal baseado en criterios obxectivos, equitativos e democráticos deseñados baixo os principios de transparencia, boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional; dedicando a este programa unha cuarta parte dos recursos anuais da Deputación. Nada máis. Para mudar, para cambiar un sistema tan importante e fundamental, que é un dos elementos que xustifica a existencia dunha deputación, limitan o discurso a isto. Pero, claro, a pregunta é en qué consiste e cómo funciona o programa anual universal baseado en criterios obxectivos, equitativos, democráticos; deseñado baixo os principios de transparencia, boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional que vostedes propoñen. Como é? Na moción só se fala dunha serie de principios, formulacións de carácter político nas que ata pode estar de acordo o noso grupo; pero non se concretan nin liñas, nin bases esenciais –alomenos xenéricas- que permitan coñecer ou valorar se o novo sistema que vostedes propoñen....porque, claro, o Plan Único é o nome, pero hai moitos modelos de plans únicos e iso é o que nós descoñecemos e o que vostedes pretenden é que a partir dunha formulación política adoptemos máis un dogma de fe que unha proposta real, efectiva, avaliable dun novo sistema de financiamento municipal. Entendo que esta cuestión non se pode traer deste xeito no plenario, dunha forma inconcreta, difusa, indefinida; sen poder poñer en coñecemento cómo se pretende facer e cómo queremos que funcione. Pero non só iso, senón pola transcendencia que trae....(eu non sei porque, señor presidente, ese señor que está aí en fronte¹ trata de interromperme coas súas intervencións,

con xestos pouco democráticos; nun día tan importante para a democracia nesta institución, penso que o comportamento de todos debe ser absolutamente democrático, digo iso). *Bueno*, quero dicir que tampouco se pode traer, sen unha previa negociación; pero non só ante os partidos políticos que aquí nos sentamos, senón tamén cos concellos polas implicacións que estes cambios lles leva, estamos decidindo o seu futuro e teremos que escoitalos. Non sabemos se os concellos son conscientes do que implica o cambio de sistema. Nós podemos estar de acordo, favorecer ese cambio de sistema; pero debemos entender que a quen lle vai afectar máis dunha forma máis directa ese sistema, débémolos escoitar e debemos pensar que é o que opinan. Non sei se os concellos son conscientes de que un Plan destas características implica que, para dar, teñen que recibir porque a lei – o artigo que antes citei - fala de achegas dos concellos. Do mesmo xeito que nós recibimos fondos da Unión Europea, España contribúe á Unión Europea. Entón, aquí non se trata única e exclusivamente de que se repartan fondos da Deputación, non; trátase de programas de axudas de carácter finalista, é dicir, para proxectos e programas concretos que teñen que redactar previamente os concellos ou que requiren unha maior implicación - acción por parte deles. En definitiva, unha maior burocracia para poder recibir fondos que teñen que, ademais, renunciar a axudas económicas para programas extra plan único: tales como axudas a entidades ou eventos culturais, lúdicos, deportivos, festexos... Que, ademais, haberá un máximo de financiamento que reciba a Deputación que quedará determinado por unha serie de parámetros. Eses parámetros que, aínda que podan estar fixados pola FEGAMP, no caso de Ourense haberá que estudalos e valoralos e negociarlos cos concellos, porque a idiosincrasia e as características de Ourense non son as da Coruña, non son as de Pontevedra e nin sequera son as de Lugo; cando menos no volume, no número de concellos que ten a provincia de Lugo e número de concellos que ten a provincia de Ourense. Tamén nos esquecemos que eses parámetros, todo isto do que falo – polo menos de carácter xeral- non vén nesta moción; é dicir, isto creo que é algo importantísimo, cales son eses criterios obxectivos. Non sei se os concellos son conscientes de que a aplicación dese sistema para algúns concellos vai supor un beneficio, pero para outros vai supor un prexuízo. Entón, todo isto, hai que sentarse, falalo, expolo, debatelo. Unha cousa é estar de acordo na formulación xenérica de que hai que buscar principios novos, principios para regular o sistema de colaboración e asistencia para financiar a Deputación aos

¹ O Sr. Caride Domínguez alude ao deputado provincial don José Ignacio Gómez Pérez, DO

concellos; pero hai que descender, senón ao concreto neste momento, si polo menos trazar esas liñas xerais que permitan formar unha convición para ter unha decisión sobre o que se quere votar aquí. Ademais, hai outra cuestión que é importante e polo cal eu entendo que non podemos votar a favor, que vostedes piden xa eliminar o sistema actual de subvencións nominativas, o cal é anticipar, modificar o sistema antes de adoptar ou crear un novo sistema alternativo; o cal isto suporía, dalgún xeito, paralizar o funcionamento normal destas cuestións. Agora tamén lle vou a facer un apuntamento - nós, precisamente que somos un partido político, por dicilo de algunha maneira, feito por persoas da *calle* - unha cousa é o debate e a discrepancia política... Por favor, pode estar calado, pode deixar...? (o señor presidente interrompe a intervención do Sr. Caride Domínguez para pedir respecto para todos os que interveñen). Grazas presidente, unha cousa é o debate político e a discrepancia política que podan xerar por parte dos proponentes da moción ao respecto do funcionamento actual; pero outra cousa son as ferramentas xurídicas que existen na actualidade. Certamente hai un debate de se se dan subvencións a dedo, pero non debemos perder a perspectiva que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na vixente redacción, integra no seu ámbito o plan de instrumentos que teñan por obxecto levar a cabo as funcións de apoio á cooperación institucional; precisamente na disposición adicional 8ª desta lei precisa que esta é de aplicación supletoria á normativa específica, nomeadamente no caso de subvencións e de asistencia financeira das Deputacións aos Concellos. Que quere dicir con iso? Que non existe esa liberdade absoluta da que tanto falamos en canto ao outorgamento de subvencións nominativas porque existe unha lexislación específica que a regula; o cal significa que son fiscalizables e, polo tanto, incluso ata os tribunais. Pero, claro, evidentemente non é doado, non é político que un grupo político poda levar aos tribunais ao seu concello, á súa deputación, porque lle deran unha subvención. Evidentemente ese non é un procedemento político que sexa recoñecido pola cidadanía, que o líder da oposición, cando o seu concello recibe unha subvención nominativa, pois a impugne porque vai en contra dos intereses dos veciños. Polo tanto, que é o que sucede? Nestes momentos ferramentas existen o que non existe é a decisión, a vontade ou o valor político para actuar porque penso que, no fondo, todos os políticos prefiren actuar da mesma maneira. Eu non sei se teño tempo, se se esgotou o tempo...se cadra, na segunda intervención, fago unha referencia. Na segunda intervención vou poñer, ou vou analizar - na medida en que o tempo mo permita - como funciona o Plan Único de Lugo para valorar se, efectivamente, eses parámetros nos que se move o Plan de

Lugo os concellos de Ourense quéroño facer así ou non o queren facer así. Porque, claro, hai unha serie de cuestións que hai que debater, eu non me quero pronunciar aquí sobre o contido do Plan de Lugo, nin valoralo; eu o único que digo é que dende o punto de vista formal e con independencia de que non mudara a nosa posición respecto á instalación dun novo sistema de financiamento dos municipios, ou mellor dito de asistencia financeira aos concellos da provincia, o que hai que ver é que non podemos firmar un cheque en branco que é o que vostedes piden, que firmemos un cheque en branco. Non, haberá que seguir o cronograma que marca este tipo de actuacións; ademais, esperando a aprobar un orzamento, empezando por saber cal é o resultado da liquidación do exercicio anterior para saber cal é o remanente porque con cargo ao remanente e con cargo ao orzamento é como se financia a bolsa para este tipo de axudas. E tamén, dicirlle aos concellos e saber cal é o límite económico, a achega económica que os propios concellos teñen que achegar; porque igual aquí todo o mundo está falando de que a Deputación dá, pero ninguén se esqueza que neste programa, segundo a lei, os concellos teñen que achegar cartos tamén. Na seguinte intervención valoro o tema de Lugo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados, demais persoas que nos acompañan hoxe neste salón de plenos e que nos están a seguir a través de internet. Intentarei, señor Rodríguez Villarino, ser máis práctico e menos teórico que vostede. Seguramente non farei citas, non é o meu estilo; pero sempre están ben dende o punto de vista teórico, no práctico ás veces, xa, discrepamos. E ben, dicíalle a uns compañeiros, cando víñamos para o pleno, que ben poderíamos pór un audio do Pleno do 9 de agosto do ano 17 e misión cumprida, misión cumprida; salvo que os voceiros dos grupos proponentes deste Pleno queiran emendarlle a plana aos seus compañeiros antecesores - ningún dos dous está - pero nalgún caso parece que é así. En todo caso, viva a democracia, señor Rodríguez Villarino, a auténtica, a auténtica como di vostede e logo falárame dela a ver se me decato de cal é esa. E nós, e eu representando ao meu grupo, dareille resposta ao que formulan na súa proposta de pleno que nos traen hoxe aquí por segunda vez. Repito, a outra - isto non é nada histórico, señor Villarino - foi o 9 de agosto do ano 17, cando vostede non estaba aquí e o mundo seguía funcionando. Polo tanto, mire, a súa petición, a dos dous grupos que asinan (digo dous dos cinco que estamos aquí representados) pois trátase dunha petición minoritaria; sinal inequívoco de que non é unha formulación unánime, nin sequer da maioría dos grupos

políticos, nin sequera da maioría. É máis, estamos ante unha petición dun pleno extraordinario que rexistraron, dato curioso, o día 22 de agosto pero anunciárona xa, os dous grupos propoñentes, Partido Socialista de Galicia e BNG, o día 18 de xullo. Tardaron (é unha curiosidade, non mo tomen a mal) máis dun mes en solicitalo, en solicitalo formalmente; sería, digo eu, sexamos bo pensados, para que todos, incluído eu, puidéramos desfrutar dalgunha das vacacións que tiven que interrompelas, todo sexa dito; pero *bueno*, a responsabilidade é a responsabilidade. Estamos de novo -isto é en serio- ante un novo *paripé*; iso si, cada vez con menos seguidores, e digo con menos seguidores, e refírome a alcaldes e alcaldesas. O mesmo argumento dous anos despois, outro pleno extraordinario en agosto polo mesmo motivo e o con parecida posta en escena. Os mesmos rancios, inexactos e fantasiosos argumentos do ano 17. Permítanme unha pregunta, señor Rodríguez Villarino e señor Varela López, están de acordo vostedes, ou están de acordo todas as alcaldesas e alcaldes da provincia na proposta que volven a presentarnos hoxe aquí? Pregunto, están? Pois non, e non me refiro aos do PP, voume a referir incluso a algún de vostedes. Nós, os populares, nin todos os socialistas, nin todos os nacionalistas, ni os restantes alcaldes e alcaldesas doutras formacións están de acordo con esta proposta que hoxe nos traen; radicalmente, non. E por que? Porque está exposición nace, unha vez máis, dunha gran mentira, dunha gran mentira. Miren vostedes, a Deputación de Ourense conta con varios, distintos e mesmo innovadores programas de cooperación cos concellos onde todos reciben o mesmo trato, con independencia da poboación e da cor política dos seus gobernantes. Plan de Obras, Plan de Rozas, Plan de Empregabilidade, Plan de Servizos Sociais, Plan de axudas a accións en materia de mocidade, etc, etc... e a Deputación de Ourense acude sempre en auxilio e cooperación de todos os concellos da provincia. Resulta tamén moi significativo que recoñezan, na súa moción, que a liquidación anual da Deputación dos últimos anos destapa un *superávit voluminoso*, así o din vostedes literalmente na súa proposta. Moitas grazas por recoñecer o que non é interpretable; como diría o señor Jácome, que agora somos socios de goberno, *o que é medible non é opinable*, frase moi certa. Este grupo de goberno, sempre co voto en contra de socialistas e nacionalistas, foi quen de acadar débeda cero da institución e contar cos maiores remanentes de tesouraría da historia desta Deputación; cuestión que sempre agradecemos, por certo, ao persoal desta casa que interpretou axeitadamente as instrucións políticas emanadas dos plans de mandato Ourense 92, Ourense 15-19 e o actual Ourense 72-73. E permítame outra pregunta, señor Rodríguez Villarino, saben vostedes o que

é un plan de mandato? Tiveron, teñen e aínda terán algún para a provincia nos próximos anos? Seguro que me dirán que si. Deberían recoñecer que esta é unha das súas grandes eivas, amosando a incoherencia e a febleza de argumentos e de solidez política dalgúns responsables políticos e, con todos os respectos señor Rodríguez Villarino, voume a referir a vostede cando dixo, dixo cando o elixiron máximo responsable socialista na provincia que presentarían un plan en 2019 e presentarían un candidato a presidir a Deputación de Ourense. Pois, nada de nada ou, cando menos, eu, nós non nos decatamos. E do BNG que vou a dicir? Tampouco se pode esperar moito neste sentido; a súa política é a que todos coñecemos. Saben vostedes que os orzamentos da Deputación para 2020 (si, señor Varela), digo que os orzamentos da Deputación para 2020 aprobarémolos, como xa se dixo aquí, o vindeiro día 27 de setembro. Outra pregunta, directa, presentaron vostedes algunha achega, algunha proposta que nos podan descubrir hoxe aquí? Igual a fan o mesmo día, para sorpresa, e ningún estudo de viabilidade ao respecto; tan só, tan só para conseguir algún titular ou mini titular dos medios de comunicación. Aí é onde se mide a dinámica política e a capacidade propositiva dos grupos políticos. Dende a toma de posesión da nova corporación transcorreron, se non me equivoco, 61 días e cero propostas dos grupos asinantes desta moción. Tiren as conclusións que queiran; pero esta é a realidade, non é outra. Falan, no título desta iniciativa, da *implantación dun sistema democrático de financiamento da Deputación de Ourense*; palabras textuais. Señoritas deputadas e señores deputados, esta é unha Corporación democrática e formamos parte dun goberno democrático, auténtico, señor Rodríguez Villarino, salvo que vostede me explique cal é esa democracia que vostede invoca. A forza da democracia é a forza da maioría e aquí estamos dous grupos e 14 deputados; asinan esta moción 2 grupos e 10 deputados, non o esquezamos. A que vén pois iso de implantar un sistema democrático de financiamento, que é iso? Non será que para vostedes só hai democracia auténtica -vou acuñar esa palabra- onde alá gobernan vostedes ou co-gobernan? E seguindo nesa liña de intentar poñer en dúbida todas as nosas accións de goberno, volven a incidir vostedes nunha gran mentira. Aparecen sempre cunhas cantidades por concello que resultan de, non se sabe que operacións. Pouco lles importa eliminar accións e políticas en marcha, mesmo organismos como o INORDE, ou políticas provinciais que non poderían realizarse coas súas exposicións. Posiblemente ignoran -ou aparentan ignorar- que a Deputación é o goberno da provincia, recoñecido constitucionalmente, que nese goberno existe unha folla de ruta, o Plan Ourense 72-73, que inclúe accións como o Centro Galego de Innovación na Formación Profesional en

Ourense; por certo non escoitei aínda ningunha opinión favorable sobre este tema de socialistas e nacionalistas que, en ningún caso, en ningún caso, poderíamos acometer coa proposta que traen vostedes hoxe aquí. Porque existe unha política provincial, a política de fondos comunitarios, a política de plans de cooperación con outras administracións como a Xunta para os accesos ao Complexo Hospitalario, ou o parque acuático de Monterrey, ou un equipamento dos canóns de innivación na Estación de Montaña de Manzaneda. Nada diso, nada diso, se podería facer coa súa proposta, non habería goberno provincial, esta Administración sería unha mera máquina de reparto de recursos, nada máis. Este é o goberno autónomo da provincia de Ourense, a ninguén de nós se nos ocorrería dicirlles a cada concello que fixeran un reparto dos recursos por parroquias, ou entidades de poboación ou que someteran a unha asemblea veciñal qué proxecto presentan para o programa de obras provincial. Tampouco coñezo que o Estado faga un plan xenérico e competitivo (sería mellor que me escoitaran señor Pérez Gómez e señor Rodríguez Villarino), digo, digo, tampouco coñezo que o Estado faga un plan xenérico e competitivo para que concorran, por exemplo, por exemplo, todas as localidades que van a ter unha estación do AVE, proxectos da Confederación Hidrográfica –diso algún día falaremos, hoxe que non se decate ninguén-, etc, etc.... Nin os convenios da Xunta cos concellos, sexa a Xunta actual ou a Xunta bipartita que vostedes apoiaron no seu día e que para nada, seguro que a señor Gómez Pérez non lle gusta nada que fale diso; eu falarei. Gobernar é priorizar. Gobernar é propoñer. Gobernar é xestionar e xestionar economicamente para facer política. Iso é precisamente o que facemos, xerar recursos para poñer a disposición dos concellos plans de cooperación igualitarios e tamén actuacións para a veciñanza, todas elas, por certo, incluídas na Carta de servizos desta institución que todos coñecen ou deberían de coñecer. Grazas a esta xestión aprobamos plans igualitarios como sempre, por certo, por certo, co voto en contra, aquí, das súas formacións, das asinantes desta proposta de Pleno extraordinario. E tamén, como non pode ser doutro xeito acordamos investimentos con cargo ao remanente de tesouraría, atendendo aos plans e propostas que recibimos de concellos, entidades e representacións. Os maiores investimentos –quédense con este dato-, os maiores investimentos do pasado mandato 15-19 foron, por certo, par concellos non gobernados pola nosa forza política. Os datos son públicos, como públicos son os resultados electorais que ditaminaron en maio 60 alcaldías onde goberna a nosa formación. Agora remato, señor presidente. Refírense tamén na súa solicitude –xa é costume– ás outras tres deputacións de Galicia, onde tamén son gobernos de coalición. Gobernos por

certo, señor Varela López, onde xa ninguén fala de acabar coas deputacións provinciais; por algo será. E vou a rematar porque se me acaba o tempo, pero antes quixera deixar ben claro o seguinte. Escoitamos sempre as propostas do grupos políticos desta Corporación e tamén doutros colectivos; pero nós vamos a seguir facendo política con visión integral de provincia. Esa visión que fai que esta Deputación, a través do seu presidente, estea presente coa máis alta viabilidade e visibilidade en organizacións de gobernos provinciais nacionais e europeos - por certo, quédense con este dato, onde tamén é elixido sempre o señor presidente, unanimemente, mesmo co voto dos seus compañeiros socialistas-; avalando así unha praxe política caracterizada polo liderado en transparencia e en xestión económica e innovación que lamento, lamento, vostedes non queiran ver. Agora si remato, pero quixera pór en valor con vostedes, se é posible, o papel vertebrador da Deputación, o seu liderado institucional e a posta a disposición permanente de todos os concellos da provincia e doutros colectivos. Sábeno as alcaldesas e os alcaldes, saben que somos a administración máis próxima aos concellos, a que resolve, a que sempre está aí cando é necesario e que seguirá estando; pero sempre, sempre dentro dunha visión integral de provincia. Moitas grazas pola súa atención.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. Vamos a comezar. Lamento que cando se fai unha intervención chea de citas, como di vostede, eu prefiro falar de cultura, de valores; pois non sexa percibida, ou non sexa escoitada, ou non sexa entendida. Non a vou a repetir, refirome tanto a vostede, señor Plácido nomeadamente, como tamén á deputada de Ciudadanos que creo que non escoitou nada do que dixen porque, senón corríxame vostede, onde figura *palabrería* medieval e linguaxe impropia no que dixen? Dígame unha soa palabra, unha soa palabra e na moción igualmente. Eu non vin ningún caso, ningún intento de criticar ou criminalizar. Pasareille despois a miña intervención íntegra por escrito e dígame vostede onde critico ou criminalizo. Dígame vostede, unha palabra, unha palabra. Non se pode vir cunha posición apriorística e despois non escoitar a realidade. Eu vexo unha visión apriorística pola súa parte; a visión apriorística é esa de dicir que non é momento nin lugar, aínda que está de acordo no fondo. Eu sei que está de acordo no fondo, claro que si!. Pero si é momento e si é lugar por un motivo clarísimo, porque despois son os orzamentos e antes dos orzamentos, hai que ter unha alternativa aos orzamentos. Por iso se trae agora, nin máis nin menos. Non hai ningunha obra teatral. O gran teatro que temos nesta provincia é este lugar onde a xente en lugar de vir a dialogar, a escoitar e a respectar aos demais, dedícase a descualificar. Eu non vou a facer descualificacións, vou simplemente a facer unha serie de puntualizacións que

creo que son importantes. A elegancia tense que soster sempre en conceptos claros e non en demagogias; eu non vou a utilizar a palabra demagogia, aínda que podería facelo. Mire, os veciños, di, que teñen os mesmos dereitos. Claro que si, pero hai que levalos á práctica para que sexan verdade e a política sa é iso, vir aquí cun discurso no que ademais se fale da dignidade, se fale da empatía, se fale de non instrumentalizar á xente cando se lle dá algún tipo de prebenda. Fálase, definitivamente, de facer un cambio real nunha provincia atrasada, nunha provincia que leva traballando dende fai moitísimos anos cun mesmo modelo, que non é un modelo democrático. O modelo democrático - señor Plácido voulle explicar rapidamente que é - non é un modelo de representación o que eu estou cuestionando, este é un modelo de representación democrático, claro que si!, porque está estipulado así nas eleccións; pero o funcionamento non é democrático e non é democrático porque non hai participación política porque non se lle dá aos Grupos políticos. Fálame vostede de que a ver qué vamos a facer nós, que vamos a achegar aos orzamentos; pero se non temos borrador dos orzamentos! E se o Plan 72-73 refírese ao que presentou nas eleccións o presidente, quere que lle diga as palabras coas que o cualificou o seu compañeiro e socio hoxe, *a obra dun tolo*. É así, nin máis nin menos. Se se refire a ese, ese coñezoo; se se refire a outro orzamento non temos novas, ningunha nova. E este momento é o momento do diálogo e é un diálogo moi concreto. En canto a Democracia Ourensana, tamén está de acordo no fondo, pero di que é moi complexo cambiar este sistema. Moi complexo, pero eu téñolle visto a vostede unhas propostas moito máis complexas. Mire, eu téñolle aquí unha que pon , este é un cartel seu das eleccións autonómicas: *eliminación do poder político das deputacións provinciais galegas mediante a Lei de administración local de Galicia, co cal a maioría de decisións e investimentos non serían arbitrarios; teríanse que someter ao criterio da Xunta de Galicia de xeito que poría fin ao clientelismo político e ao caciquismo da Deputación de Ourense e á súa saga interminable*. E seu? E seu non? Non me equivoquei. Pero hai máis cousas. Mire vostede, voulle poñer unha opinión que, sen dúbida, vostede recoñecer inmediatamente de quen é e así poderemos saír de dúbidas, corríxame despois se me equivoquei. Decía vostede que era dubidoso se había clientelismo, ou non había clientelismo, *bueno*, estas cousas. Vamos a ver como era a cousa:

“Ay, Dios mío, Dios mío! Bueno, pues esperemos que Europa ponga mano en esto, porque también se quiere en Europa cambiar la ley para los contratos de más de 50.000. Como saben que hay gente, como Europa sabe que hay gente como José Manuel Baltar, están

intentando cambiar la ley para que se prohíba el dar a dedo ciertos contratos, como por ejemplo en las obras, donde los puedes dar a dedo si no suben de 50.000 más IVA. Entonces, están intentando cambiar la ley para que no ocurran estas cosas que tienen que ir a concurso y con publicidad”.

Creo que isto era unha proposta de Democracia Ourensana para acabar co clientelismo na Deputación de Ourense; creo!, creo! Pero *bueno*, hai máis posicións súas. Mire, voulle a poñer outra posición súa que, ao mellor, creo que tamén lle sona:

“Me llamo Gonzalo Pérez Jácome y tengo 49 años. Estamos en el año 2019, cuando yo era un adolescente, la saga de los Baltar ya gobernaba en la Diputación de Orense. Baltar padre, hace pocos años, le dejó la Diputación a Baltar hijo como si fuera una herencia privada y ahí están, al frente de la Diputación. Pues bien, lo que ustedes están viendo aquí es un cartel real. A las puertas de las elecciones del 2019, que se vota este domingo, están anunciando ya el 2023. Lo que parecería una locura –en cierto modo lo es- es realmente un reflejo de lo que ellos entienden que es la provincia, que les pertenece, que no pueden entender que ellos puedan estar fuera de la Diputación, que esto es totalmente de ellos. Bien, la democracia tiene que ser la realidad que los ponga en su sitio; por eso les pido que el próximo domingo voten a Democracia Orensana. Porque cada voto a la alcaldía, el voto a la alcaldía de Democracia Orensana, es también un voto para la Diputación, que después computa para la Diputación. Es el momento de romper esa mayoría absoluta y de acabar con paranoias de este tipo. Estamos en 2019, construyamos un futuro a partir del 2019. Por favor, no sigamos en el futuro de él que ya nos está anunciando como será el 2023; un Orense que, a lo mejor, será una villa grande si él sigue ahí. Yo quiero que Orense sea una ciudad y que no decaiga en una villa grande”.

Non sei se lles soa? Vamos a ver, vostede cre que é difícil cambiar un sistema de financiación como é o Plan Único que xa teñen experiencia e hai transicións feitas en Coruña, Lugo e Pontevedra; vostede falará de Lugo despois. Pois, hai experiencia; é máis en Vigo, a semana que vén, para que teña vostede información e formación, a semana que vén vamos ter nesta cidade, no Hotel Barceló, vamos a ter ao presidente da Deputación de Lugo, ao presidente da Deputación da Coruña e á presidenta da Deputación de Pontevedra explicándolle a todo o mundo –incluído vostede- como se fai un Plan Único, como funciona e para qué vale. Está vostede avisado como todo o mundo. Claro, creo que isto é bastante contundente para explicar a

situación que hoxe temos aquí. Estivo de acordo en mocións previas o seu grupo político, non deu ningún tipo de dificultades, apoiounas, firmounas, asinounas e, agora mesmo, todo é un problema, todo é un problema. Curioso que agora todo sexa un problema, pero bueno, cada un é responsable dos seus actos, cada un é responsable. E mire, hai unha cousa que dixen na miña primeira intervención, e vouna soste agora, que é o da dignidade. A dignidade, segundo Kant, pérdese cando se perde a autonomía, cando un se vende; no momento en que un se vende, perde dignidade, esa dignidade xa non contan con ela. Di que nós pedimos un cheque en branco. Como que un cheque en branco! Cheque en branco é o que ten a presidencia desta Deputación Provincial dende que a herdou e con ese cheque en branco –sen consultar con ninguén- fai programas políticos como este último no que, ademais, non ten contacto ningún con ningún alcalde. Diso dou fe, durante once anos que estiven na alcaldía non houbo ningún contacto comigo para facer ningún plan de nada; corríxame vostede señor presidente se me equivoco, verdade que non, verdade que non. Esta é a realidade, ser prácticos señor, señor...bueno, como lle podemos dicir, don Plácido? Señor secretario, señor alcalde? Señor vicepresidente? Cantas cousas, verdade? Decía que eu teño moitas e que a ver como podía facer; pois vostede non sei como da feito porque tamén ten bastantes. Di tamén que falamos de repartir e a democracia auténtica cal e? Pois mire, voullo a dicir nunha frase que eu dixen e que está escrita e que di que igualdade non é dar a todos o mesmo, senón hai que dar en función do que precisa. Non se poden dar liñalmente axudas a todos os concellos con independencia da poboación, do índice de avellentamento, da dispersión... non, non se pode, iso é falsear a realidade. E iso dá lugar a uns proxectos de orzamentos tan mal feitos, tan mal feitos -ou tan ben feitos-, que o seu obxectivo final é ter un remanente para despois, con ese remanente, repartir entre os amigos. Iso é como funciona esta Deputación porque tampouco tiveren en ningún momento ofrecemento desta Deputación, nin de vostede señor Plácido, nin do presidente, nin doutras persoas, onde se me dixese: oia, veña vostede aquí que vamos a participar e vamos a decidir qué vamos a facer con isto. Ese sistema de financiamento non o ten ningunha deputación democrática, iso é democracia; o demais, é utilizar a democracia para os fins propios. Mire, di vostede que este pleno poderíase parecer ao outro porque é unha repetición do mesmo. Non, o único que repetiu foi vostede. Aquí non se repite porque hoxe non teñen a maioría absoluta da que se gababa naquel Pleno. E di que, para achegarse un pouco a aquilo... señor Pablo Pérez, faga o favor de escoitarme tamén, porque, segundo parece, o señor Plácido, hai que escoitar a todo o mundo e non se pode falar con que está ao lado; entón, é vostede moi libre de seguir coa súa postura. En

calquera caso, sinto interromper as súas vacacións, que tamén foi o que dixo no outro pleno. Entendo que as súas vacacións son sagradas. Si, e eu interrómpos e non o digo, mire por onde, non intento vender o favor a ninguén... non, non, non é transparente, o que é, é unha persoa que vén aquí a vender un favor; un máis. Di despois que esta redacción que nós facemos está chea de *argumentos rancios, inexactos e fantasiosos*. Non sabía que vostede tivera esa capacidade para analizar e para describir as achegas de ilustres pensadores que houbo ao longo da historia; sen dúbida dende a atalaia dende a que vostede expresa os seus argumentos é bastante fácil chegar a esa conclusión, eu non me atrevo a tanto. *Bueno*, di que parte sempre dunha gran mentira todo o que nós facemos e que se se dá a mesma cantidade con independencia da poboación. Mire, xa está descualificado iso polo mesmo motivo que dixen antes; porque dar a mesma cantidade para necesidades diferentes, iso si que é unha gran mentira. Fala vostede do Plan Ourense 72-73, entendo que eses son os orzamentos aos que nós temos que facer propostas, emendas e todo o demais. *Bueno*, non sei se tamén coincide con vostede o representante do seu socio de goberno; se, efectivamente, é así. Pero din que nós non temos plan, como que non temos plan? Nós estámolles falando dun Plan Único para que, precisamente iso que vostedes non entenden, que é a democracia, sexan os propios concellos quen cos seus concelleiros, cos seus alcaldes, coa súa poboación, cos grupos de participación social que queiran, poidan realizar as súas propostas. Nós non vimos impoñer ningún modelo a ninguén, non vimos a impoñer ningún modelo. Nós vimos a darlle participación á xente. Mire, os proxectos europeos, a gran maioría deles - poderían tomar o exemplo de Castela a Mancha onde están collendo todos os proxectos con fondos europeos e estanos distribuindo sobre a base da participación social - son iso, son proxectos onde a xente participa e non onde unha persoa decide. Aquí eu non creo en iluminados, eu creo que todos temos as nosas ideas, claro que si, pero é necesario contrastalas coa realidade (si, só quero ter o mesmo tempo que os demais, nesta quenda si, pero no anterior aforrei bastante). Ademais fala vostede de institucións tan importantes como o INORDE. O presidente quería eliminalo, iso dixo publicamente, *bueno*. Fala vostede da formación profesional, a formación profesional, que qué opinamos na formación profesional. Voulle a dicir o que opino, que é unha competencia impropia. Entendo que a formación profesional non é competencia desta Deputación Provincial e entendo que aquelas instalacións que superan con moito o millón de euros, como é o INORDE, como é o Teatro Principal, como é –por poñer máis exemplos- o Paco Paz, sobre estas cuestións teríamos que discutir moi moito, sobre a necesidade de ter este tipo de cuestións en funcionamento. Plan xenérico e competitivo, proxectos que teñen vostedes, plans igualitarios...

todo iso é unha gran mentira. E finalmente quero dicir unha cousas do papel do presidente en institucións tan importantes como poden ser as europeas, como representante de cidade. Eu creo, sempre tiven esta pregunta para facerlle, de que cidade é vostede representante? Porque, que eu saiba, non é alcalde e, en calidade de que representa a que cidade? Entendería algunha representación provincial. Era como aquela famosa reunión con Juncker, da que Juncker respondeu que non sabía nada de vostede, a parte da foto. Témolos por escrito, do seu axente de prensa, do seu propio gabinete. Vamos a ver, Juncker reúnese con dificultade con mandatarios nacionais e con eles pode chegar a acordar algo, se é o caso; non con representantes – con todos os respectos - dunha institución provincial local. Con iso seguro que non chega a ningunha planificación europea. *Bueno*, dito isto, de momento deixamos aquí. E eu non perdo a esperanza de que os restantes grupos políticos, alleos ao Partido Popular, porque neste caso Ciudadanos e Democracia Ourense teñen un papel importante, sigan pensando que é posible cambiar esta provincia e que hai que facelo con tempo suficiente como para chegar a uns orzamentos con posibilidades de formular unha alternativa. Unha alternativa que a podemos facer cando queiran, estamos dispostos a sentarnos. Grazas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: *bueno*, en primeiro lugar quero agradecerlle aos medios de comunicación aquí presentes o esforzo que fan para levar a nosa voz aos veciños e veciñas da provincia; aproveitando para botar de menos a Auria Tv que, neste importante pleno, supoño que tería moitas máis cousas que facer. Podemos pasarlle o pleno, aínda que en baixa calidade, se ten a ben emitilo. A partir de aí, querida compañeira de Cidadáns, creo que a resposta quedou clara; non sei se hai que agardar ata finais de mes, creo que quedou claro, meridiano, na resposta do voceiro do Partido Popular que xa estaba previsto e xa vai ser como tiña que ser e, polo tanto, ten toda a motivación facer esta convocatoria hoxe para tentar mudar esa situación e que os orzamentos do ano 2020 sexan outra cousa. Non podemos perder catro anos máis, non podemos perder nin un ano porque a situación de Ourense é a que é e, por certo, ninguén ma rebateu, os datos que se expuxeron aquí, déronos todos por certos e son os datos que eu creo que daría para darlle unha pensada á situación da provincia. O argumentario, polo tanto, foi, digamos, que bastante pobre - na miña humilde opinión - aínda que supoño que vostedes pensarán o mesmo do meu. O papel de Democracia Ourense é ben complicado neste pleno, non lle arrendo ganancia. Que diría o señor Jácome se estivera aquí presente? Voume a *aturullar*, seguro, porque teño que responderlle a dous

grupos políticos que están de acordo no fondo; pero, polo menos, un deles vota a favor do prato que nos serve en bandexa o señor Plácido, seguir co mesmo. Sinceramente no que dicía o señor Plácido Álvarez estou totalmente de acordo, 5 millóns de euros en competencias que son exclusivas da Comunidade Autónoma para o centro de FP, que veña o centro de FP, que o pague a Comunidade Autónoma; é a súa competencia educación. É que 5 millóns de euros que vamos a meter nun espazo e detraémolos da provincia de Ourense e dos concellos de menos de 20.000 habitantes. É diso do que estamos a falar aquí hoxe. Por certo, trabucouse vostede, non son cada vez máis, son cada vez menos; é evidente, esta vez tivo que botar man dunha muleta para seguir no sitio. As contas saen ben doadas, non fai falla ir á universidade. Non, non, non daban para ter a maioría absoluta e botaron man dun partido político que, se mo permiten, vou ler o que presentaron aquí, señor Caride, o 31 de xullo de 2017; xa que a proposta de hoxe non lle vale, se está de acordo coa do Partido Socialista, eu non teño ningún problema en votar esta outra que, parece ser, era moi sensata, supoño porque está asinada por Gonzalo Pérez Jácome e Armando Ojea Bouzo, esta valerá:

1.- Que no vindeiro orzamento, e tendo en conta os criterios de reparto xa establecidos pola FEGAMP, se faga o reparto aos Concellos da provincia a través dun Plan Único e investimentos que se sitúa na fronteira dun terzo do total do orzamento como xa fan nas restantes Deputacións galegas. (Ese era o primeiro punto)

2.- Que a Deputación suplemente, no actual exercicio orzamentario, as partidas destinadas á cooperación dos Concellos: Plan Provincial, Plan de Emprego, etc...; dotándoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de reparto ata situalas nuns índices semellantes ao resto das Deputacións do país (seica vai falar da de Lugo, ogallá, ogallá vaimos cara alá)

3.- Que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo e responsable na procura dunhas mellores condicións de vida para os nosos conveciños e conveciñas.

Recórdolle que, hai uns momentos, o señor voceiro na Deputación do Partido Popular dicía que este pleno xa se repetira; pois vostedes estaban, exactamente, do outro lado do que están agora, exactamente do outro lado. Explíquenos vostedes como se fai esa viraxe, ímoslle chamar así. E aos señores do Partido Popular, aos deputados e deputadas do Partido

Popular, se non lles vale esta porque a presentou Democracia Ourenzana, o BNG e o PSdG-PSOE tráíolles aquí unha que presentou o 21 de decembro de 2016 dona Elena Candia López, voceira do PP na Deputación de Lugo, incluso presidenta da Deputación de Lugo temporalmente. Estes eran os acordos que trasladaba o 21 de decembro de 2016 que, por certo, despois se cumpriron:

1.- Que a Deputación provincial de Lugo elabore un Plan Único de colaboración cos Concellos da provincia de Lugo e que se inclúa xa no orzamento de 2017. (Home, nós pediríamos no 2020; no 2017 xa pasou)

2.- Que se convoque, á maior brevidade posible, unha Xunta de Voceiros co obxectivo de traballar na elaboración das bases do Plan Único de colaboración cos concellos da provincia de Lugo e acordar o importe asignado ao mesmo no orzamento do 2017 (neste caso de 2020, loxicamente)

Pero, *bueno*, iría na liña do que vostede formulaba. Aprobemos esta logo. Válenos calquera das tres, pero as tres teñen un mesmo fondo, efectivamente, é o fondo dun reparto democrático, equitativo, entre todos os veciños e veciñas da provincia de Ourense. Por certo, teño aquí os datos, os concellos do PP non saen especialmente favorecidos con este sistema, é certo; en xeral, saen igual que os demais. Algún un pouquiño mellor, pero en xeral saen bastante prexudicados, porque o problema é que os cartos non chegan aos Concellos da provincia; vanse aos canóns de neve, vanse ao que se nos ocorre ese ano. Ese é o problema de fondo desta provincia e o que estamos a discutir aquí hoxe e oxalá nos puxeramos de acordo para mudalo. Vexo que vai a ser complicado, pero nas nosas mans está. Nada máis e moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Novoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: moitas grazas. Faime graza, señor Villarino, que diga que vostede non vén a facer aquí teatro e á vista quedou. Comigo non conte, e xa llo digo neste momento, comigo non conten para facer nesta institución tan seria, e á que temos que honrar, para facer teatros. Eu non fago teatros na Deputación de Ourense, nin fago teatros no Concello de Xinzo de Limia; eu fago política. Vostede dixo no seu discurso (estiven atenta) que existen douscentos cincuenta e tres concelleiros do Partido Socialista nesta provincia. A miña pregunta é se vostede convocou a eses douscentos cincuenta e tres concelleiros nas negociacións desta Deputación e lles

preguntou se querían ou non que lles dese a Alcaldía ao representante de Democracia Ourensana que, por certo, non deixan de nomealo. Penso que Gonzalo Jácome xa non é deputado provincial; non entendo por qué seguimos nomeando a unha persoa que xa non é deputado provincial. A verdade é que estará encantado da publicidade que lle están a facer. Lealdade, dignidade e democracia, utilizou vostede estas palabras no seu discurso e dixo vostede estas frases: *quen se vende deixa de marcar as metas da súa autonomía; negar o diálogo, suprime ás persoas (loxicamente); cando un se vende, perde a dignidade*. Vostede dime que eu non escoito a realidade e dixo que na política sa fálase de empatía. Pois ben, fai un par de días o periodista pregunta e leo literalmente: *o pleno extraordinario foi solicitado polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, hai outra formación tamén na oposición. Non sei se non se lle quixo pedir apoio ou...?* Contestación do portavoz do Partido Socialista: *falamos co resto dos grupos políticos. Ciudadanos, aínda que non asina neste caso a petición, ten tamén outras servidumes políticas seguramente; pero si, dixo que ía apoialo*. A min de verdade, que me diga o alcalde de Ribadavia, non sei se é que estou no castelo de Ribadavia, na época medieval, no século V, utilizando este tipo de palabras. Servidume é unha palabra tan pouco democrática e tan antiprogresista que me parece increíble que a utilice un voceiro do Partido Socialista para referirse a unha deputada do Partido de Ciudadanos. Non sei en que momento eu dixen que ía apoiar co meu voto a favor, con esa rotundidade que vostede explicitou non medios. Para que quede claro; trasladei, primeiramente, nunha reunión na que asistimos xunto co deputado de Democracia Ourensana, trasladei alí nesa reunión que quizais o Partido Popular vistos os resultados do 26 de maio seguramente tiña a ben a empezar a avanzar, modificar eses orzamentos e empezar a avanzar, a democratizar moito máis esas axudas aos concellos. Pero vostedes enseguida desfixeron esa idea. Estiven a manter unha reunión - que é o que máis grave me parece desta situación - co seu compañeiro de partido e deputado provincial que nos acompaña, do Carballiño, onde lle puxen de manifesto, e así o pode trasladar el, a miña desconformidade co texto redactado e coa urxencia do pleno. Así e todo, tratei de que se tivera en conta a miña opinión e non se quixo facer nin o máis mínimo cambio gramatical; é dicir, firmar e calar: democracia total. Pido lealdade e veracidade nos feitos e nas informacións que se trasladan aos medios de comunicación por parte de todos os grupos desta Corporación. Se algo hai que me caracteriza, e vostedes sábano, é que defendo a verdade e a honestidade por riba de todo; custe o que me custe ou teña que pagar un prezo moi alto como xa teño pagado. Porque xa lles digo que non hai

mellor arma para gañar unha batalla que loitar coa verdade a educación e a honestidade. Quería dicirlle ao meu compañeiro do BNG, Bernardo, simplemente puntualizar que o goberno de Lugo, onde existe un Plan Único, está gobernado por outros partidos que non é o Partido Popular e a verdade que a poboación cada día baixa máis, estrepitosamente tamén na provincia de Lugo. Quizais o Plan Único de Lugo tampouco é o máis exemplar para aplicar na Deputación de Ourense. Ao Partido Popular, como xa dixen antes, trasládolle a miña axuda, porque recibirán peticións deste Partido para incluír neses orzamentos que se aprobarán ese 27 de setembro, e trasládolles, como xa o fixen ata o de agora, que penso e sei que vostedes son o suficientemente intelixentes e suficientemente bos políticos para recoñecer e ver que hai que avanzar e que hai que modernizarse en todos os aspectos. Nada máis e moitas grazas.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: grazas presidente. Eu, o outro día, nunha cena cuns amigos fixen unha reflexión persoal e non o quero dicir, non quero que supoña un insulto – se non, acto seguido explico o porqué-, preguntábanme se eu aspiraba a triunfar en política e dixen que non, pero que, ademais, era moi difícil triunfar en política mentres non aprendese a falar a linguaxe dos *tontos*. E non o digo porque lle queira chamar *tontos* aos políticos, senón no sentido de que a linguaxe dos *tontos* é cando un di A e lle responden B, ou lle falan de cousa distinta. Primeiro, Auria TV, si, non está presente porque recibe as imaxes do servizo oficial e ponas na televisión; ademais non só as vai poñer en directo, senón que as vai poñer practicamente unha semana enteira. Ou sexa, a ver, iso sábeo vostede de sobra, como funciona o bucle de Auria TV. Mire, cando me refería ao tema dos *tontos* é porque eu na campaña electoral propuña unha cuestión estritamente xurídica que era unha regulamentación das subvencións para acomodalas a unha lei autonómica e á Lei 38/2003 de orde estatal. Pero nunca falei eu de Plan Único, porque ata antonte, como quen di, eu non sabía como era e como funcionaba o Plan Único; cousa que descubrín, que é o que lle pasa á inmensa maioría dos alcaldes desta provincia en canto ao que teño falado. Ultimamente estou tendo bastantes reunións, moitas reunións, polas miñas ocupacións na concellería, polo tema do transporte en Ourense, e cando saco o tema ninguén sabe cómo funciona. Vostede di que vai traer unha conferencia, para que vaíamos nós e nos ensinen, agora, a próxima semana; o que tiña que facer, antes de presentar a moción, é traer a esa conferencia para explicar á xente e, unha vez que a xente o entendese,

pois falar con eles. Mire, eu o que tratei de poñer o debate nun punto non polémico. Tratei de poñer o debate nun punto onde puxéramos por riba da mesa cales son os beneficios e inconvenientes dos plan que formulan; pero non dixen que eu estivese en contra de mudar o sistema. Dixen que con isto que traen, unha folla e outra, pretenden mudar un sistema tan importante. Isto é como se traen unha Ordenanza, unha proposta para que se modifique o sistema de participación cidadá e o único que din é: proposta, que se modifique o sistema de participación cidadá e que se faga máis democrático. Xa, *bueno*, pero como? Como o facemos? Mire, hai cuestións importantes, no tema de Lugo por poñer un exemplo. O Plan Único de Lugo aprobouse en Pleno da Deputación na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2019; fíxose unha vez estaban aprobados os orzamentos para o exercicio do 19 porque necesitaban saber cal era a cantidade ou a capacidade de financiamento que había para achegar as axudas. Tamén se fixo unha vez estaba envorcado e se sabía cal era o líquido de tesouraría do exercicio do 18, porque outra parte achégase co peche. Tamén se determinaron cales eran as achegas do concello; aquí non escoitei, si, vostedes falan, critican, poñen gravacións... a cuestión do tema, saben os concelleiros que teñen que facer achegas ao Plan? Cal é o importe mínimo e o importe máximo? Mire, no Plan de Lugo dedícanse 21 millóns de euros, cun mínimo de 150.000€ e un máximo de 500.000€ e despois establécense un criterios. Pois mire, o Concello de Ourense cidade - que é o que eu aquí represento, onde eu son concelleiro de Infraestruturas, onde teño que facer políticas de investimentos e desenvolvemento de Ourense - se se aproba isto, e dun xeito similar ao de Lugo, a cooperación máxima que pode ter a Deputación co Concello de Ourense é de 500.000 €, non chega para nada. Claro, o señor Villarino, que é concelleiro en Ourense, di claro; xa se ve o que lle importa a el o Concello de Ourense! xa se ve o que lle importa o Concello de Ourense! bueno, mire, eu entendo...

O Sr. presidente interrompe a intervención do Sr. Caride para chamar á orde a algúns deputados do Grupo Socialista que están a falar dende o seu escano.

O Sr. Caride continúa a súa intervención: mire, aquí a culpa, a culpa do que está pasando, señor Villarino vostede e eu negociamos durante moito tempo; tivo a ocasión de estar sentado aí. Se agora, como está demostrando, vamos a ver, agora está demostrando que ten unha preferencia polos intereses da provincia, si, non se ría, por que non foi vostede presidente da Deputación? Democracia Ourensana facíao a vostede presidente da Deputación,

por favor, acaso non é verdade, non estivemos negociando? E non se rompeu o pacto porque vostede non quería apoiar a Democracia Ourensana para a alcaldía de Ourense? Que ten falar dese tema? Mire, despois críticanme, vamos a ver, se un enxeñeiro proxecta unha ponte e cando se está executando esa ponte hai risco de derrube; o que terá que facer é reconsiderar ese proxecto, paralizar a obra, reconsiderar o proxecto e dicir: bueno, vamos a ver, estaba equivocado. O máis grande en política é recoñecer equivocacións. Nunca falamos, no meu caso, nunca falamos do Plan Único; eu, eu, estou falando na campaña electoral. Falamos, a ver onde está o programa no que falamos do Plan Único? Falaba doutro sistema de xestión ou de control das subvencións, de normativizar o proceso de adxudicacións de subvencións. O Plan Único é unha cousa moito máis complexa! Entón, mire unha cousa, xa que lle puxen o exemplo da Ordenanza de participación cidadá. O máis democrático – xa que vostedes falan de democracia - é dicir, eu non estou pechando a porta a abordar este tema, xa llo dixen na primeira intervención; o máis democrático é que cando, por exemplo, nas últimas reformas legislativas do Estado, por exemplo na Lei de procedemento administrativo, para regular unha ordenanza municipal hai que escoitar á xente, hai que comunicarlle á xente que se vai a facer unha ordenanza para que acheguen ideas. Vostedes pretender vir aquí con algo que podería ser obxecto dunha ordenanza, que eu tería polo menos un decálogo, un decálogo, unha base sobre a que se vai executar iso; pero non escoitan, xa non digo a xente en xeral, xa non escoitan aos alcaldes, nin á xente a quen lle afecta directamente este tema. Non, non está; vostedes tiñan que traer unha memoria ou traer algo onde nos aclarasen que os alcaldes, todos, coñecen perfectamente cal é o modelo... é que tampouco sabemos o modelo que é; aquí son dúas follas. Eu é onde pretendo poñer o debate, vamos a ver, o razoable é que nós votemos sabendo o que votamos; o razoable é que saibamos en que consiste iso. Porque, vamos a ver, estase facendo un pronunciamento xeral de política que levamos corenta anos aquí falando sempre do mesmo, pero que ninguén lle puxo o cascabel ao gato; pero entón, seguimos no mesmo: teoría, teoría, teoría, teoría... Estou pedindo que deamos un paso a diante e que me diga vamos a propoñer un Plan Único que conteña estas bases, cales son os criterios obxectivos...non, claro, claro aquí non o pon; aquí só vexo unha petición xenérica, aquí só vexo unha petición xenérica...., claro, claro. Pero vamos a ver, o que estou dicindo, pero vamos a ver, tamén ten que respectar o meu criterio, é dicir, un criterio político e técnico. Estou dicindo que antes de aprobar unha moción onde se di que hai que destinar unha cuarta parte do orzamento da Deputación, haberá que primeiro aprobar o orzamento, porque en vez

dunha cuarta parte, é unha terceira parte ou é unha quinta parte ou o importe que se poida. Vamos a ver, tanta présa... Vamos a ver, en política as intencións poden levar por dous camiños; ou unha intención meramente política... non me escoitan, eu penso que me deberían escoitar porque é para vostedes. Vamos a ver, na política hai dúas formas de actuar: a estratexia política, ou a política efectiva. Entón, a estratexia política é unha vez que, despois dunha primeira intervención amable, esperando a ver... cando digo que lle poño en dúbida o voto, entón a veñen a facer unha crítica e a *presionar*. Se vostedes me teñen que convencer a min do que teño que votar, da forma que o están facendo o que están facendo e asustarme para saír correndo aínda máis. Entón, pouco podo apoiar iso. É dicir, en política estamos falando de posibilidade de diálogo, de sentarse; nós falamos, chamáronnos a unha reunión, pedínlle tempo. As cousas non se poden facer precipitadamente. A política ten que ser política seria. Vamos a ver, mudar este sistema –como vostede dixo na súa primeira intervención- é unha das grandes... vale, pois iso hai que facelo ben feito e isto -perdoe pola expresión- que traen aquí, tal é como está formulado, e non me gusta expresar esta palabra neste foro, é unha trapallada. *Bueno*, pero todo son mocións, todo son mocións; pero as mocións hai que fundamentalas. As mocións hai que fundamentalas, as mocións teñen que ter base, teñen que ter unha base á que acollerse...

O Sr. Presidente interrompe a intervención do Sr. Caride ante diversas reclamacións dende as bancadas do Grupo Socialista, manifestando que o Sr. Caride Domínguez leva oito minutos de intervención, menos que a metade do Sr. Rodríguez Villarino na súa segunda intervención, lembrando que é a Presidencia a encargado de dirixir o debate e que é o Sr. Caride o que está no uso da palabra, e que o advertirá de que remate cando leve catorce ou quince minutos como levaba o Sr. Rodríguez Villarino, insistindo en que van oito minutos de intervención.

*O Sr. Caride continúa coa súa intervención: vamos a ver, é tan difícil concretar, hai moitos modelos para facer isto. Eu xa non me vou a deter, por falta de tempo no de Lugo, pero que acceda a xente á páxina web e que vexa o de Lugo; eu ensíneille a de Lugo á xente e, por certo, algúns non eran precisamente do Partido Popular, eran do Partido Socialista e dixéronme: *isto no meu concello non vale*. Entón, o democrático é vir cun consenso, porque non se lle pode impoñer á xente pola forza, nada. Non me vale que veña dicindo *é que Democracia Ourensana antes...*; vale, iso foi no seu momento e, como dixen antes, un cando*

ten información e entra no fondo das cuestións pode valorar. O gran problema que temos na política –nós, vós e todo o mundo- é falar de política sen ter coñecemento. Aquí, en Ourense, fala todo o mundo do PXOM e canta xente leu o PXOM? Seguro que nin o 1% nin o 0,5% da poboación. Canta xente leu o Plan de Lugo? Canta xente leu o Plan Único da Coruña ou de Pontevedra dos que están aquí? Canta xente pode opinar? Si, vostedes, pero porque están preparando unha moción; pero do seu partido e do seu, cantos coñecen o contido? Porque, eu unha vez que lle lin as bases e lle explique o contido, algunha xente do seu partido dixo: *isto para min non vale, directamente non me interesa*. Entón, sexan democráticos. Xa que piden democracia, sexan democráticos, fagan un consenso. Isto non se pode facer así dunha forma tan alegre. Se xa non é cuestión do que votamos no seu momento ou do que deixamos de votar; é unha cuestión de que, se vamos a facer algo que vai a afectar ao conxunto dos 92 ou 93 concellos da provincia de Ourense, haberá que contar con eles e nós non temos a lexitimación absoluta para falar en nome de todos. Non, porque unha cousa é a organización política, coa súa disciplina política, e outra cousa o que pensen por fóra porque iso díxomo xente do seu partido directamente. Non, eu non poño nomes como, ao mellor, fai o meu xefe; ademais outra cuestión, eu son Miguel Caride, non outra persoa. O que lle quero dicir é que non é tan difícil, o debate non está en doutrinar; o debate está en saber se a quen lle afecta esta regulación (si, si, Nacho, si) se a quen lle afecta esta regulación interésalle ou non lle interesa. Directamente, ao Concello de Ourense, para min non me interesa - nunha perspectiva egoísta como Concello de Ourense - pero se á maioría dos concelleiros lle interesa mudalo, non hai problema, acéptoo. A cuestión é que, home, estamos falando dun reparto de cuartos, estamos falando dun sistema, de establecer uns coeficientes obxectivos e nuns casos un coeficiente de poboación é prexudicial, porque, ao mellor, hai uns municipios que teñen que ter unha discriminación positiva para facer políticas activas para fixar poboación; entón se lle aplicamos un criterio de poboación para os fondos, o que lle estamos é quitando fondos para o seu desenvolvemento. Saben perfectamente que teñen que facer proxectos concretos que, segundo Lugo, teñen que financiar o 50% do proxecto e que o diñeiro non se pode meter en gasto corrente? Sábeno? Porque igual están pensando que van a financiar o gasto corrente coas achegas da Deputación e iso non é o que pon o Plan Único de Lugo. Entón, como nós podemos facer un Plan Único a medida para Ourense, fagan unha proposta seria e véñana a discutir; pero seria, porque a política non pode quedar en declaracións de intencións: onde dixen digo, dixen Diego ou chamarmos o que sexa. A política é resolver os problemas dos

cidadáns e dos concellos. E non se ría, non se ría, se en Amoeiro, cando estaba vostede de alcalde, retíranlle por culpa da aplicación dun Plan Único ao mellor 200 ou 300.000 € de achega económica – por poñer un exemplo - ben que lle vai sentar a vostede! Como? Perdón, vamos a ver, estou falando dun Plan Único, dun proxecto, dunhas bases. Pero, vamos a ver, volvo a dicir o da linguaxe dos *tontos*, que é o que estou dicindo eu? Estou dicindo que non se faga? Non, estoulle dicindo, fagan unha proposta en condicións e logo xa veremos o que pasa, despois xa veremos o que pasa. Pero, de momento, eu chego, convócanme para un Pleno no mes de agosto cunha moción, que ten dúas follas - a metade delas de declaracións políticas nas que, evidentemente podo ata estar de acordo- pero que non me concreta nada. volvemos ao mesmo, isto é papel mollado. Eu estou dicindo o que penso, isto é papel mollado, isto é papel mollado; por que non concretamos? Por que non descendemos ás cuestións concretas que hai que facer? Non, non, vale, vale...é a miña opinión. Entón, eu non podo darlle luz verde a isto por dous motivos, porque non coñezo as consecuencias que isto vai levar e, segundo, porque hai que obrigar aos propoñentes a que fagan a cousa ben feita.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas, presidente. *Haya paz.* Señor Varela López, vou a intentar cinguirme á orde do día, que é o que acostumo a facer sempre. Mire, cando vostede fala, logo direi uns datos do Plan Único de Lugo, pero as verdades a medias son peores que as mentiras; hai que dicir cando se aprobou ese Plan e por que, en que circunstancias políticas, e senón lémbrollas e vostede sábeas coma min. E digo eu, nada nos ensinan vostedes onde gobernan ou co - gobernan e falar de comparar concellos desta provincia coa Coruña, sabendo que orzamento ten a Deputación da Coruña e cal ten a de Ourense; iso é demagogia da barata, da moi barata. Á xente xa non a enganar e vostedes sábeno, levan co seu discurso anos e anos e non melloran moito. perdón. E logo moito desprezan hoxe, parece ser, dun lado e outro aos meus compañeiros de DO - e digo compañeiros de goberno, de co – goberno - parece ser que hai algúns meses ou días non o facían tanto. E señora Lama, grazas, sabe que llo digo dende a amizade (vexo que a xente está enfadándose e non nos queda nada, aínda non empezou o curso político e a xente empeza a caldearse, nada nos queda) digo que grazas, señora Lama, polas súas achegas pero, sobre todo, polos seus consellos. Tomamos notas, vostede sabe que eu escóitoo. E señor Rodríguez Villarino, mire, eu para nada cuestionei o seu discurso, non o fixen nunca – levo aquí moitos anos – e non o farei nunca, nunca; simplemente o cualifiquei como teórico e sígoo

cualificando; pero é a miña opinión, é a miña modesta opinión. Vostede que presume de democracia, respecte a miña opinión que eu respecto a súa. Entón, non me faga cambiar de opinión porque é a miña. Moi teórica, nada coa realidade, non vou a entrar nos mesmos argumentos do señor Caride, pero coincido en moitos con el. Non se pode vir aquí buscando a foto – como sempre - e buscando non sei que *parafernalia* nas portas da Deputación. Tráese un Plan concreto e dise, mire quero, nós, nós, en plural, queremos que o Plan Único que propomos para a Deputación de Ourense, polo tanto, para todos os concellos, que habería que escoitalos a todos porque algúns compañeiros seus están totalmente en contra e, senón, consúlteo; díxeno antes e mantéño, eu non poño nomes porque son respectuoso, non me obrigue, non me obrigue que igual ponse colorado, pero *bueno*, vostede xa sabe os apoios que ten e non ten algúns que non ten, pero *bueno*, a iso referireime tamén e non vou a entrar en máis detalles dese tipo. Expoñan vostede un Plan dese tipo, tráiano cuantificado e con viabilidade porque os recursos son os que son, non os que queiramos que sexan. Por que o 25, o 12, o 30 ou o 14? Será o que se poida, señor Rodríguez Villarino e vostede, que foi alcalde, debería ter unhas poucas máis de táboas que non teñen outros e dígollo con todos os respectos. Que máis dixó aquí? e espero non trabucarme, como dixó o señor Varela. Funcionamento democrático, e refírese vostede ao funcionamento – entendo eu - das subvencións nominativas; digo, porque todo vai encamiñado a isto, que se acaben as subvencións nominativas e que fagamos un reparto, xa dixó vostede, eu estou de acordo tamén, hai que darlle a cada un o que precisa e non liñalmente, tamén estou de acordo. Non me esquecerei do que dixó, tamén llo recordarei algunha vez, perda coidado. E digo eu, concellos como Verín, como Carballiño –co que me prezo de ser amigo persoal do señor alcalde, non ten nada que ver - o do Barco, a Confederación Hidrográfica, a Xunta bipartita cando gobernaron vostedes, ese é o modelo que vostedes nos queren ensinar? Non me faga poñer exemplos que os teño aquí. E non me fale de *mercadeos* tamén, señor Rodríguez Villarino, porque dicía un anterior presidente desta Deputación: *nós non somos uns santos, pero vostedes tampouco*. E, outra cousa, o da democracia auténtica; voume quedar con esa frase porque me fixo gracia, a verdade é que xa cuestionou a miña capacidade - parece ser - eu non vou a cuestionar a súa, non vou a cuestionar a súa; pero bueno, o da democracia auténtica seguro que vostede, pouco a pouco, vaime dando clase, que vostede é profesor, eu non, e seguro que ten labor eu que sei, non sei, pedagóxica para ensinarme o que é iso, pero seguramente mo vai ensinar. Parece ser que chegou aquí vostede como salvador da

democracia; oia, eu non creo nada nos salvadores; dígollo de verdade, non, non. A miña memoria histórica, entre comiñas, non me permite crer moito neles. E, falando de democracia, había que empezar seguramente, señor Rodríguez Villarino, na súa propia casa, e digo casa política, porque, por favor, eu aquí xamais me referirei a ninguén a nivel persoal. Eu estou aquí, e aproveito para dicirlle, que estou como deputado, non estou nin como alcalde, nin como secretario, nin como Plácido; estou como deputado – como supoño que estará vostede - entón non confunda nunca. E digo eu, nada que aprender desa democracia interna que vostedes predicán ás veces e non o digo eu, dino os seu compañeiros; eu prézome de ter amizade persoal con moitos de vostedes, a que espero manter. E dito isto, tamén lle quero dicir que non fale por min, home. Eu non vendo favores, nunca os vendín na vida, nunca, nunca. Todo o que teño *me lo gané a pulso* e quen me coñece, sábeo. Non me cualifique por aí, vostede ao mellor non pode dicir o mesmo. Non, non pode dicir o mesmo e falo politicamente. Estou falando politicamente, vostede non pode dicir o mesmo; que para chegar a onde se chega, ás veces hai que vender motos, usadas e *triusadas*, como di un amigo meu. En canto ao da formación profesional, vexo que lles molesta que o señor presidente conseguira algo importante, non, o seguinte – como din agora os rapaces novos – para esta provincia; porque cando se consigue iso é unha competencia impropia, iso teno que facer non sei quen e cando non se fai – di o señor Varela - a culpa dos males de toda esta provincia é do presidente da Deputación e nosa. Entón, a miña frase: *palo si remas, palo si no remas*. Ben, pero a xente xa o sabe. Xa vexo que a cidade de Ourense ten que agradecerlle, ten que agradecerlle, polo que vin –corríxame se non entendín ben que eu son un pouco limitado, non son tan espabilado como vostede- se iso do Teatro Principal e do Paco Paz, entre outros, hai que cerralos? Pregunto, porque eu como cidadán desta provincia teño feito uso dos servizos que se prestan neles e coma min, coma min, cidadáns do meu concello que, por certo, estamos bastante afastados de aquí. E se non entende as miñas palabras – dígollo con todos os respectos, señor Rodríguez Villarino - se non entende as miñas palabras, é o seu problema, non o meu. Eu tampouco entendo iso de democracia auténtica e aspiro a que mo explique, pouco a pouco, e o entenda. Seguramente o entenderei e eu tamén lle direi que predique co exemplo; porque, ao mellor, a ver se é como aquel que di: *fai o que eu diga, pero non o que eu fago*, iso dicíano dalgún que non vou a dicir agora. E dito isto, as posicións están claramente definidas. É certo, repito moitas cousas das que dixen no ano 17, por unha razón evidente, señor Rodríguez Villarino, é que eu estaba aquí, vostede non. Nós temos a mesma

posición, vostedes? eu creo que xa matiza a opinión do que estaba antes –xa non está- e aquel señor matiza ao que estaba antes e tampouco está; por distintos motivo. Pero *bueno*, respecto máximo para a súa organización política, como pido para a nosa. Polo tanto, non esquezan que vostedes están na oposición e nós no goberno. Non o esquezan. E vostede debería sabelo porque exerceu de goberno e agora exerce de oposición; debería sabelo mellor que ninguén. Recoñezan que este goberno provincial, recoñezano, recoñezano, que este goberno provincial desenvolve as súas obrigas baixo o respectuoso criterio da autonomía municipal - non podería ser doutro xeito - e co obxectivo prioritario do servizo aos pequenos concellos e tamén, tamén, a outros colectivos desta provincia; pero sempre facendo provincia, facendo Ourense. Esa é a visión que parece que choca con todos vostedes. Nós temos unha visión de provincia global; vostedes, polo que vexo, de localismo puro. Cada goberno provincial exerce as súas responsabilidades cos seus propios criterios e non, non, como lle peta. No caso único da Deputación de Ourense cumprindo o Programa 72-73 (que me alegra que coñeza) ao que se comprometeu o noso presidente provincial e nós con el e por certo –enténdano tamén- incorporando a este as achegas, como non podería ser doutra maneira, do noso socio de goberno Democracia Ourenseana. Esa é a democracia. Pero non nos veñan a tratar aquí, señor Rodríguez Villarino e señor Varela, de impoñer un estilo de goberno e, moitísimo menos, faltando ao máis elemental respecto institucional con escuras estratexias e facendo política - con perdón - barateira, de foto en pleno mes de agosto; ou mesmo buscando grandes titulares para unha época do ano na que todos sabemos, porque xa somos maiorciños, polo menos eu, que apenas hai noticias. E vou rematando, señor presidente. Está claro que o que pretenden e forzar unha polémica artificial, repito, a foto do verán. Como sempre, sementar dúbidas e sombras sobre a xestión do Partido Popular e do presidente desta Deputación que, lémbrolles, acadamos – dígoo unha vez máis - a débeda cero, que ten capacidade de resposta grazas ao remanente de tesouraría que reparte liñalmente en diferentes cantidades de diñeiro no marco dos diferentes Plans provinciais e que non deixa sen resposta os proxectos que os alcaldes e alcaldesas veñen a presentar. E para rematar, como así prometín, darei uns breves datos moi significativos e déixooos ao seu criterio para que os valoren. Datos breves desta Deputación, último mandato. Remanentes de tesouraría, ano 15: 26,7 millóns; ano 16: 22,4 millóns; ano 17: 26,4 millóns; ano 18: 34,5 millóns. Débeda, no ano 2011 superaba o 116%, a día de hoxe, como así se prometeu, cero. Un dato moi curioso, que teño as miñas dúbidas serias, teño as miñas dúbidas serias, e apostaría case todo contra nada de que no expediente de modificación

de créditos que trouxemos neste pleno, no pasado mes de abril, dos 34,5 millóns de euros que temos de remanente do ano pasado o señor presidente fíxonos unha proposta a todos de distribuír –creo recordar- que 8,4 millóns -o que fixemos- para distintas asociacións e colectivos desta provincia e nada, absolutamente nada, para ningún concello e digo nada, ningún, ningún dos do PP. Eu persoalmente teño que dicilo aquí, agora que ninguén me escoita, ninguén, eu fun crítico co meu presidente porque dicía é o momento de facer política; vostedes, estou seguro, que o terían feito. Nós, se fomos sectarios, teríámolo feito; como non o somos traerémolo en setembro tamén. Datos desta Deputación tamén, xa o adiantei antes, ano 18, as achegas que se fixeron dende esta Deputación a concellos gobernados por outros partidos que non sexan, ou que non foran o Partido Popular, ascendeu a máis dun millón seiscientos mil euros; un 23% dos recursos que se distribuíron entre os concellos desta provincia. Dato certo e comprobable. Esquécense tamén doutra cousa que, aquí o meu compañeiro (entre comiñas, porque foi voceiro durante moito tempo), o señor Gómez Pérez, debía lembrar que hai tamén outras achegas que non aparecen por ningún lado e que son, por exemplo, para os máis dos 50 concellos aos que se lle recolle o lixo nesta provincia e onde a Deputación ten que achegar máis de 300.000 € por encima das achegas dos concellos. Que hai concellos que non se adhíren a este convenio? Será porque, dentro da súa autonomía, así o deciden. Nada que dicir. E da Deputación de Lugo, que tanto se falou aquí, pois nada, unha breve reseña. Miren vostedes, no mandato 15-19 o Partido Popular tiña 33 alcaldías, o Partido Socialista 28, o BNG 3 e os independentes 3; é dicir 67 concellos, nós temos 92. Ben, pois fíxense vostedes, a demais dese Plan Único do que tanto se falou aquí e que cando queiran falamos del, debatemos do Plan Único de Lugo cando queiran, incluso podemos traer algún alcalde a ver que di, dos de vostedes, (eu procuro falar con todo o mundo); miren vostedes, 2016, a parte do Plan Único, convenios asinados pola Deputación con concellos gobernados polo PSOE; 6,6 millóns de euros, PP: 2,7, BNG: 690.000, independentes: 61.000. Ano 17, convenios firmados pola Deputación, ao marxe do Plan Único, PSOE: 2,9 millóns de euros; PP: 610.000; BNG: 600.000; Independentes: 39.000. Ano 18 (aquí xa cambiaron un pouco as cousas), PSOE: 3,3 millóns de euros; PP: 1,9 (agora direi porqué) e BNG: 63.000. Aquí, dado o *tinglado* (e digo así para que se me entenda ben) que montou o señor Martínez, que seguro vostedes coñecen mellor ca min –eu tamén-, pois ben, houbo que montar o que houbo que montar; facer certos *cambalaches*, por chamarlle dalgunha maneira, primeiro co BNG ata que rompeu todo e logo apoiarse, para poder facer algo, no Partido Popular. De aí que a nosa

portavoz, que aquí se citou, habilmente, habilmente - que para iso é a política - conseguiu que estes convenios subiran; é dicir, duplicaran, non, case triplicaron aos do ao anterior. Porque, digo, as circunstancias políticas, señor Varela, non se poden esquecer, hai que poñelas no contexto do que se di; senón cóntase mentiras a medias e son peores que as verdades. Polo tanto, non sei se este é o modelo que vostedes queren para a provincia de Ourense; eu non. Moitas grazas.

D. Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista: *bueno*, bo día. En primeiro lugar quero dirixirme á portavoz, á voceira neste caso de Ciudadanos. Eu pensei que cando vostede se refería a linguaxe medieval, crin entender mal, referíase á moción; parece ser que se refire a un artigo periodístico. Descoñezo obviamente esas preguntas, pero xa lle podó dicir que a súa opinión con respecto a este pleno téñoa por escrito e cando queira, preséntolla; téñoa aquí. Pasando ao caso de Democracia Ourense, que perdido está vostede e que *papelón* ten! Hoxe foi algo tremendo! As deputacións están creadas, fundamentalmente, para repartir fondos nos concellos de menos de 20.000 habitantes; Ourense non é unha prioridade, ten que deixar de ser unha prioridade para esta Deputación. Si señor, si señor! Porque ten máis fondos a cidade de Ourense que o concello de.... léase a lei vostede que é avogado. Dito isto, tamén quero dicirlle ao señor Plácido que, *bueno*, que se a cidade tería que agradecer o Paco Paz, o Teatro Principal e outra serie de cousas. Mire, no seu momento estiveron gobernados a través dun Consorcio, no que estaba a Xunta, no que estaba o Concello, cando se repartían, neste caso, os fondos dunha maneira máis solidaria – como noutros sitios - e iso beneficiou aos concellos pequenos que son os que deben recibir os fondos conforme establece a legalidade; a legalidade, señor representante de Democracia Ourense. Pero mire, Democracia Ourense di que non lle vale isto, valeulle noutro momento, pero agora di que dá igual, que non conta. Son moi flexibles, cambian de pensamento continuamente; é normal, así se avanza. O di aquí, porque temos aquí ao señor vicepresidente segundo (*o Sr. Rodríguez Villarino da lectura a un pasaxe dun acta do pleno do anterior mandato*): “*xa digo, analizando as cantidades, analizando as análises comparativas da poboación, superficie e outras condicións sociolóxicas que nos expuxo xa o portavoz, está claro que existe discriminación de reparto de fondos aos concellos*”. Vaia, vaia! Agora non a debe de haber, claro; ao ser vicepresidente vanse esas cousas. Mire, con respecto ao que di o señor Plácido, democracia. Sabe o que é democracia, señor Plácido? Vouullo a dicir moi claro, que os meus fillos teñen a mesma posibilidade que os de outros a estar na Deputación

Provincial e que non teñan que fuxir e marcharse desta provincia, porque non se entra cunha oposición aquí. Vostede ten experiencia do contrario, en canto a posibilidade de ensinar nestas cousas. Se quere que falemos de democracia, imos ir ata o fondo; pódollo explicar con detemento e, ademais, ten ao lado a un compañeiro ao que lle din clase e tamén lle din clase a algún compañeiro máis que xa non está nesta Deputación. Mire, ranking de concellos. A Veiga, ano 2018, 904 habitantes: 357 € por habitante. Muíños, 1.622: 276 € por habitante. Baltar, 968: 204 € por habitante. Oimbra, 1.726 habitante: 154 € por habitante. Casualmente, todos foron deputados no anterior mandato, mire por onde. Últimos postos, O Barco con 13.463 habitantes: 4 € por habitante. Carballiño, 13.939: 4,37 € por habitante. Non recibiron nada Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Castrelo do Val, Coles, Maside e Parada do Sil, casualmente todos do Partido Socialista, vaia cousa. Quere que lle explique o que é democracia? Fai falla que lle explique? No seu concello, que é o que máis se leva lucrado, un dos que máis se leva lucrado dos que hai aquí; quere que lle explique? Mire, democracia auténtica é iso, democracia auténtica é repartir en función das necesidades de cada un dos concellos; facelo de modo democrático, sen prebendas, sen prebendas. E facelo, ademais, cando chegue o momento, con publicidade, con luz e taquígrafos e con participación de cada un. A todo o mundo que estamos aquí deberíalle valer isto, xa sei que a vostede non; xa sei que a vostede non. E mire, nós non tratamos de impoñer un estilo, o que estamos é fartos de tragar un estilo. E mire, vostede fala da democracia do meu partido, quere que lle diga como está o presidente á fronte do seu partido? E necesario? Pois mire, foi cunhas eleccións onde precisamente colocáronse 104 persoas, naquel momento, e houbo unha condena en firme que despois de aquilo inhabilitou e deixou a unha persoa sen ningunha capacidade para estar ao fronte dunha administración pública por condena firme. Iso é así. Que barbaridade, verdade? Hai que ter memoria. E despois diso vamos a falar de democracia. Democracia. Mire, a democracia é cando un preséntase a unhas primarias de verdade, cando se pagan as cotas de verdade, cando non hai cousas raras e cando todo iso permite, despois, demostrarlle á poboación como funcionan as cousas. Isto non é ser mala persoa, é contar a verdade, é contar a verdade. Mire, todos sabemos o que é esta Deputación e a farsa na que nos atopamos. É momento de que cambie esa farsa. Dimos unha oportunidade cunha primeira intervención branca, unha intervención branca - unha intervención teórica, segundo vostede - de valores e recibimos por resposta couces. Mire vostede, non nos leven ao extremo porque se nos levan ao extremo todas as verdades, como di vostede, van a ser públicas; non, non, xa sei que tremen despois de vía xudicial, claro que si, mentres tanto son outras

cousas... Mire, débeda cero, vaia milagre! Se a débeda xa era súa, ou quen estivo gobernando estes anos na Deputación? E que fixeron para reducir a débeda? Deixar de facer cousas e abrir un ERE; pero, onde está o mérito? E que o fan con 26, 23, 24, 25 millóns de remanente? Demostrar que son malos xestores. Pois mire, todo iso é a realidade desta Deputación. A xente que está nas rúas boa paciencia ten. O sistema de elección do presidente, que se fora por elección directa non o quereda ninguén, nin do seu partido – e iso xa llo podo dicir - sería o que permitiría que cambiase esta Deputación; mentres, vostedes teñen unha responsabilidade, por moitas prebendas que recibiran, teñen unha responsabilidade, por moitas prebendas que teñan recibido, e esa responsabilidade é coller o que se chama obxectividade, o que di a Lei de reparto igualitario en función de necesidades diversas, a lealdade institucional e, con todo iso, cambiar o ritmo desta desastrosa provincia, xa vai sendo hora. Mire, vostedes xa non dan medo a ninguén e teñan en conta unha cousa, imos saír ás rúas, imos contarlle todas estas cousas e máis cousas que temos previstas e *átense os machos* porque nós non vamos a permitir que esta provincia siga estando en mans de quen fai as cousas ao seu xeito sen contar cos demais. Nada máis.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG: ben, en primeiro lugar, creo que non lle faltei ao respecto a ninguén; tratei de ser o máis politicamente correcto posible, imos a dicir. Pero neste caso, señor Caride, si que é certo, a Deputación Provincial on está para apoiar ao Concello de Ourense, basicamente; a Deputación Provincial está para apoiar ao resto dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes porque así o marca a Lei. Entre outras cousas porque a capitalidade como tal, polo número de veciños e veciñas que ten, recibe outros recursos por outras vías e, polo tanto, eses outros recursos que, na súa totalidade, son máis que os que recibe a propia Deputación loxicamente fan que haxa vías distintas para os concellos de menos de 20.000 habitantes e para a capital. Eu non sei que dicir, pero evidentemente xa o dixeron aquí tamén, vostede estaba no equipo que levou a esta provincia ao 117% de endebedamento. É certo que antes, con ese 117% de endebedamento, a provincia seguía sendo un desastre; agora, polo menos, non temos débeda, vamos a recoñecerllo. Quedarse con iso como un éxito, quedarse como un éxito ter máis de 2 millóns de euros de tesouraría anos tras ano, tendo a provincia no estado no que está; *bueno*, cada un que faga as súas cábalas, non vou a ser eu quen as faga, pero sinceramente da para reflexionar máis de media hora. Non creo que sexan os datos desta provincia para sacar peito e, aínda en cima dicir que temos remanente de tesouraría; porque eses cartos significa que non fixemos suficientes cousas

para investir eses cartos no que é necesario para esta provincia. Decía vostede que non hai polémica ningunha. Home, eu acabo de escoitar ao señor Caride!, así que polo menos isto é para debater. Vostede dicía que, ao mellor, non era o xeito; digo eu, collamos esta proposta do PP de Lugo que dicía –volvo a repetir–: que a Deputación Provincial de Lugo elabore un Plan Único en colaboración cos concellos da provincia de Lugo que se inclúa no orzamento do ano seguinte; é que por iso traemos este pleno hoxe aquí. deixemos entón o pleno de orzamentos en setembro, vostedes teñen a capacidade. Falemos de levar o pleno de orzamentos, non ten ningunha présa; evidentemente, pódense aprobar en outubro ou en novembro ou en decembro, porque é para o ano 2020, non corre ningunha présa. Deixemos ese pleno de orzamentos para máis tarde. Vostedes, insisto, teñen esa capacidade de determinalo e fagamos unha Xunta de Portavoces na que elaborem as bases do Plan Único en colaboración cos concellos, coas achegas de todos do PP - evidentemente é a forza maioritaria - do Partido Socialista, de vostedes, Democracia Ourense, de Cidadáns e máis do Bloque. Poñámonos todos de acordo en como facer ese Plan único. Estamos dispostos, desde xa, fagamos isto, unha Xunta de Portavoces para a semana que vén; poñámonos todos as pilas e fagamos algo con xeito, mellor que o de Coruña, mellor que o de Pontevedra e que o de Lugo, se é posible. Pero fagámolo, non vale dicir isto non me vale, fagan vostedes outra cousa; non, porque o seguinte que presentemos, xa sabemos, non lle vai valer, fagámolo entre todos. Eu estou de acordo, quedamos niso? Facemos unha Xunta de Portavoces para a semana que vén, ou para a seguinte, cando a vostedes lles vaia mellor, na cal sacamos adiante unha elaboración de bases de Plan Único en colaboración e iso levámolo a pleno? Eu, se vostedes están de acordo, eu, de verdade, estaría encantado. Paréceme unha solución pragmática e obxectiva para este problema; o que non podemos é seguir co mesmo, porque o mesmo xa sabemos onde nos leva. Entón, eu pediríallo, por favor, encarecidamente e vostedes téñeno na man. Gustaríame que me respondera a esta pregunta directa. A partir de aí, tamén mudou algo nesta provincia. Claro que hai polémica, hai unha polémica ben gorda, non teñen maioría absoluta; decátense diso. Dixo vostede antes que ían a aprobar as achegas de Democracia Ourense. Eu agardo que Democracia Ourense achegue sobre este tema e achegue porque, ademais, o aprobou así previamente e, a partir de aí, entre todos fagamos isto posible. Se tampouco veño aquí a outra cousa, o BNG non está aquí para outra cousa aquí. Entendo que todos estamos aquí para o mesmo que é sacar adiante esta provincia; non digo que vaia haber unha solución marabillosa, seguro que non a hai. Nin en Lugo o Plan Único é marabillosa, en Coruña e Pontevedra tampouco, porque non hai unha variña máxica; pero

poñamos os vimbios para sacar adiante o cesto. Prégolle a vostede que se pronuncie ao respecto disto e, se así fora, xa me daría por satisfeito co pleno de hoxe; aínda que non aprobáramos a moción, de verdade dígollo. Nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto único da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto único](#).

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

E, ás 13.00 horas do citado día 28 de agosto de 2019, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.